



CONCELLO DE
CASTRELO DO VAL

Concello de
**CASTRELO
DO VAL**
Naturalmente!

BANDO

VICENTE GÓMEZ GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
CASTRELO DO VAL (Ourense) FAI SABER:

LIMPEZA OBRIGATORIA DE BIOMASA NOS NÚCLEOS RURAIS

Que en aplicación da Lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, o Concello de Castrelo do Val lembra ós titulares das parcelas situadas a menos de 50 metros dos lindes dos núcleos rurais e/ou vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais localizadas a menos de 400 metros do monte. Entenderáse como área de protección dos núcleos rurais a comprendida dende 50 metros a contar dende a última edificación que constitúa o núcleo de poboación.



Ditas franxas de limpeza obligatoria, poden consultarse nos mapas que lle proporcionarán nas oficinas municipais.

Na mesma franxa de 50 metros, non poderán existir árbores, agás aqueles que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas, sempre que se manteña unha discontinuidade horizontal e vertical do combustible, así como árbores frondosas (carballos, castiñeiro).

*As fincas que limiten con estradas, deben manter limpia unha franxa de 4 metros onde haxa frondosas e 6 metros onde haxa pinos e/ou eucaliptos.

A limpeza e desbroce é un **DEBER** que teñen todos os propietarios e/ou titulares dos terreos afectados, evitando, desta forma, que existan situacións de perigo ou risco para vivendas e incluso para os nosos veciños.

O PRAZO VOLUNTARIO PARA REALIZAR A LIMPEZA REMATA O VINDEIRO 31 DE MAIO.

No caso de incumprimento, expóñense ás sancións correspondentes previstas na lexislación vixente.

O que se fai público para interese xeral

Castrelo do Val, 3 de maio de 2023

O Alcalde,

Asdo. Vicente Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

Vicente Gómez García (1 para 1)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinautura: 03/05/2023
HASH: 2bb09198d1350dd6fc11bfc999149e5

